

A Coruña, 4 de xaneiro de 2016

## **Repsol e a súa Fundación destinan 18.000 euros a proxectos sociais da Coruña**

Un total de oito iniciativas recibiron o apoio de Fundación Repsol e a Refinería da Coruña.

O Complexo Industrial de Repsol na Coruña e Fundación Repsol destinan 18.000 euros a oito proxectos sociais que serán desenvolvidos no 2016 por distintas entidades da Coruña.

Estas iniciativas promoven o apoio a persoas discapacitadas e en situación de vulnerabilidade dentro da contorna de actuación da refinería.

Tendo en conta estes criterios, as entidades beneficiarias son:

- **ADACECO (Asociación de dano cerebral da Coruña):** apoiarase o Proxecto Boccia que trata de introducir este deporte paralímpico entre persoas con Dano Cerebral Adquirido. A Boccia é un xogo de precisión e estratexia, similar á petanca, que ofrece a persoas con grandes discapacidades a posibilidade de achegarse á práctica deportiva, non só como goce do lecer e tempo libre, senón tamén a nivel competitivo.

- **ASPANAES (Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista da Coruña):** a asociación investirá a axuda en cubrir necesidades como son a incorporación de elementos multisensoriais nas Unidades de Promoción da Autonomía Personal, nas que son atendidos nenos e nenas con autismo; e en campañas de sensibilización sobre o trastorno.

-**Asociación Párkinson Galicia-Coruña:** A Asociación vai levar a cabo un proxecto consistente nun taller de estiramientos e relaxación para persoas enfermas de Párkinson e os seus familiares/coidadores. Como consecuencia da enfermidade, os pacientes mostran rixidez e debido ás alteracións posturales, son bastante frecuentes as dores musculares,

articulares e as cambras, así como a lentitude de movementos e dificultade importante para moverse, camiñar e realizar as actividades da vida diaria.

- **AFACO (Asociación Familiares Enfermos Alzheimer A Coruña):** o proxecto que se beneficiará é o de estimulación cognitiva en persoas con alzheimer e outras demencias. Este programa iniciouse no ano 2000, tras realizarse un estudo cuantitativo e cualitativo das demandas dos asociados de AFACO, no que se percibiu a necesidade de poñer en marcha un servizo específico para aqueles enfermos que se atopan nunha fase leve ou moderada da enfermidade.

- **Hogar Sor Eusebia:** a doazón será destinada aos programas e talleres de terapia ocupacional que buscan potenciar a integración social do residente, fomentando a súa autonomía e independencia, así como o desempeño de roles normais socializados e proporcionar seguimento, apoio e soporte a cada persoa segundo as súas necesidades.

- **Ecós do Sur:** para axudar a esta ONG e ao seu labor polo benestar das persoas inmigrantes e refuxiadas entregouse a doazón a través do programa solidario "A Radio Conta", que na súa terceira edición centrou todos os seus esforzos en recadar o maior número de fondos para Ecós do Sur.

- **Asociación West Galicia:** esta nova asociación formada por familiares de nenos con síndrome de West vai realizar un proxecto de hipoterapia, consistente en terapia con cabalos, que tal e como está comprobado, proporciona excelentes resultados aos menores con esta enfermidade rara.

- **Terra de Homes:** o proxecto "Viaxe cara á Vida" será o beneficiario da doazón. Esta iniciativa é un compromiso solidario coa vida e o futuro da infancia máis vulnerable que consegue operar a nenos en España grazas ao compromiso constante do persoal médico, voluntarios, hospitais, familias de acollida, empresas e institucións.

### **Comprometidos coa sociedade**

Este apoio a proxectos sociais enmárcase dentro do compromiso socialmente responsable de Fundación Repsol e a Refinería coa súa contorna, reforzando os obxectivos de Fundación Repsol para contribuír ao benestar da sociedade, mellorar a calidade de vida das persoas e lograr un maior desenvolvemento social, educativo, ambiental e cultural.